


ESTIRPE DE LABRADORES



REAL
ACADEMIA
GALEGA

DARÍO XOHÁN CABANA
ESTIRPE DE LABRADORES



ESTIRPE DE LABRADORES

HOMENAXE DA REAL ACADEMIA GALEGA A

DARÍO XOHÁN CABANA

Edición e coordinación de Marilar Aleixandre

A Coruña, 23 de marzo 2023



REAL
ACADEMIA
GALEGA

DAR XOHÁN

© Desta edición: Real Academia Galega

© Dos textos: Darío Xohán Cabana e autoras e autores

© Deseño: Pepe Barro

Fotografías:

Colección familiar

Real Academia Galega

Adrián Ferreiro

D.L.: C 366-2023

<https://doi.org/10.32766/rag.411>



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Deputación
DA CORUÑA

RÍO
HIÁN

ESA VOZ QUE NACE DA TERRA



A poesía de Darío Xohán Cabana aliméntase do humus da vella estirpe, a memoria dos seus, que é a memoria de todos nós, raiceira antiga da carballa patrucia que terma do mundo, tal nos explica nalgún dos seus poemas. A poesía de Darío aliméntase da terra no seu sentido máis auténtico. A terra toda —que é memoria e tempo de presente, emoción e compromiso de futuro— adquire unha dimensión telúrica que nace dos mananciais profundos e nace, asemade, da propia lingua, de cada significación e de cada palabra, coma quen rexorde da noite dos séculos para falarnos, para espertarnos. Palabra viva e, ao mesmo tempo, renovada, rescatada. A poesía é unha vía de coñecemento, exploración interior que compartimos.

Lembro exactamente cando lin o derradeiro libro de poesía de Darío Xohán Cabana, que tiveron a honra de publicar: *Cabalgada na brétema* (2006). Lembro exactamente cando e onde acabei de lelo, unha mañá de domingo, sentado no mazadoiro á porta da casa. E lembro a vibración que me produciu e como inmediatamente chamei o autor para dicirllor. “Aquí está todo”, comenteille. “Dende o principio...”. E lembro a tarde tristísima de novembro (2021) cando Margarita Ledo e mais eu cruzamos as fragas de Castroverde, camiño de Romeán para despedilo. Alí estaban as vellas carballas, agardando por el.

Víctor F. Freixanes

Presidente da Real Academia Galega

SEMPRE NA CASA

Querería ancorar este louvor na voz oculta en certas doas das que termo coma un talismán e que lle debo ao Darío-mozo, a aqueles anos de descuberta da nación canda a lingua e da partilla dunha casa, a de Manuel María e Saleta, que nos acolleu xunto co Fiz, que nos achegou Francis Jammes ou Gabriel Aresti e nos aprendeu a lle abrir as portas ao día. Ese “orgullo dunha estirpe de labradores e artesáns” que adoito o Darío proclamaba como materia da súa obra poética, narrativa ou ensaística, latexa tamén na teimosía do tradutor que anosou Dante, Petrarca, os trovadores da Occitania, Diderot... O seu ollar claro como era clara e concisa a súa palabra foi, naquel tempo, un lugar para o consello, a camaradaxe, a utopía como posibilidade de unírmonos á xinea da república nacionalista de esquerdas, da escrita como política, da toma de posición a prol d’

*a bosta nas zocas,
o cheiro a argazo nos fuciños,
o trono da forxa nas orellas,*

son versos, estes, dese libro-manifesto, *Cabalgada na brétema*, onde desaparecen as formas clásicas que engarza coa virtude dun frade observante, para que apareza a descrición de experiencias que configuran Darío Xohán Cabana: clase, estirpe, nación ou o comunal no persoal, a casa lugar de pertenza e símbolo que expande as ás e devén eternidade,

*defenderei o orgullo e mais a gloria
do labrador que levo no meu sangue,
defenderei a casa do Ricardo.*

Lúo agora en vestixios que tal areas de seixo espallou polo seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, ano 2006, cando insiste no recoñecemento dos seus mestres con esa forma, o soneto, na que o poeta labra mil variacións.

Para Manuel María:

*Se algunha vez, amigo meu, dixera
que non é túa a luz que máis ameí,
ceguen meus ollos,*

Para Xosé María Álvarez Blázquez:

*Ireite ver á casa de Coruxo
compañeiro do tempo máis belido*

Para Méndez Ferrín:

*Irmán maior do lume proletario
que non claudica no furor do inverno*

Fidelidades que, cun certo hálito melancólico, lévanme cara á urdime de *Canta de cerca a morte*, cara á finitude e a presenza da ausencia, cara ao devezo por “aniquilar o fluír temporal que a elexía e o loito lamentan”, comenta Diana Conchado para quen “Cabana responde á canción inminente da morte co seu propio monumento, coa súa casa, chea de pranto, rabia, amor e dúbidas, e a labra con sonetos”.

E porque no devandito discurso de entrada na Academia escoiteille nomear a furgoneta coa que so o lema “libros do pobo pra o pobo” percorremos Galicia no 1971 a vender en feiras e festas, a miña glote atranca e rememora aquela *troupe* na que tamén estaba o Xico de Cariño e na que, de Rianxo a Ribadavia, andamos en misión laica.

Boto man, agora, da presentación dun ciclo de cinema sobre Agnès Varda, do que recollo certa observación sobre tres aspectos que configuran calquera obra: a inspiración, a creación e a partilla coas mais. O que, talvez, resulte de interese é remarcar esa diferenza entre “inspiración” e “creación”. Porque a doa inicial, a que libera o desexo de escribir, pasa por unha pequena impresión, por unha idea que agroma aínda mórbida, por algo que escoitas ou que ollas, polo degoiro que acompaña as querenzas, ás

veces pola perda... Velaí a materia que inspira, seduce e reclama dar coa expresión acaída, coa xusteza na forma. Despois chega o traballo duro, por veces decepcionante, que chamamos creativo; un traballo que mobiliza figuras da linguaxe na procura do que se recoñece como estilo e que agroma na poesía que hoxe, canda Darío, celebramos dende a intimidade da cultura campesiña que entra polas nove portas da cidade de Lugo; que do Pindo a Saor respira coa terra que gardou o segredo dos mitos, dos seus signos visíbeis en Dombate, no voo do mascato, no Rei García, n'a *noite de mil anos fría* e en cada liña, dixo el, Amelia.

E ollamos para a *Divina Comedia* onde se nos agasalla coa observación de que o artista convértese en artista cando non sabe o que vai suceder, cando “a man lle trema”. Dante reflícteo no canto 13 do Paraíso, nuns versos que chegan a nós da man de Darío e que adoito pór na miña boca en honra do amigo:

*Se a punto a cera se encontrase adoito
E o ceo na súa condición suprema,
A luz do selo habíase ver moito;
mais a natura nesto non se estrema,
pois opera á maneira dun artista
que sabe o oficio mais que a man lle trema*

Foron estes versos motivo para aloumiñar unha práctica incidental que de antigo nos acompañou e nos axudou a non arredar pé daqueles compromisos de mocidade que adoptamos felices. Trátase do intercambio de mensaxes cifradas que hoxe devala cara á señardade porque tamén é o derradeiro correo que crucei con el.

Mércores, 11 de agosto de 2021

Ola Darío,

...falárame dunha serie de brincos inspirados n'A *Divina Comedia*. Eu merquei uns do inferno –unha parella danzando eternamente– que coido figuran no canto

quinto. Será tal? mais o que busco é algo que recordo vagamente nun canto –deduzo que pode ser no Paraíso a onde tardarei, espero, en chegar– que fai referencia ao pintor que lle trema o trazo nese intre en que debuxa algo que o soborda... compároo en cando das con ese verso que fai, tamén, tremar e que na túa obra son tan frecuentes.

E deseguido a resposta atinada, a ironía de irmán meirande, a xusteza interpretativa e a teimosía por dar a ver e dar a pensar, ese efecto singular en toda a obra do Darío Xohán Cabana.

Mércores, 11 de agosto de 2021

Tu, coma aquel artista, hai anche la man che trema... Por certo, o texto italiano dese verso é discutible e discutido; nesta edición imprimín o “oficial” da Società Dantesca, que é o da edición crítica do Petrocchi (quen son eu pra discutir con xente tan sabia?), pero unha lectura tradicional, e menos violenta sintacticamente, é “c’ha l’abito dell’arte e man che trema”, ou algo así. Canto máis aprendo máis desconfío das edicións críticas [...] E non che digo nada das imbecilidades da única edición crítica do *Jacques le Fataliste*, que acabo de traducir

Por veces despedíase cun “Beixos mil” e outras ca advertencia conspirativa “só pra ti” tal aquel tempo do que ambos conservamos certo apego por todo o clandestino.

E coa fin de continuar transitando na escrita da persoa que nos convoca, abeiro na xeografía límpida que o seu fillo Martiño agarima –e na que me aprendeu a lle perder o medo á pinchorra–

*ARRIBA ouriolo, arriba pita do monte,
andarríos, arcea, bolboreta maiola,
arriba lobo e esquío*

ou esa misiva a Alexandra, para que non crebe o fío da historia:

*Se algún día, seguindo co meu tema
–mais con maior fortuna– ti loitaras
coas palabras de nós rudes e claras
pra ordenalas en forma de poema*

Palabras rudes e claras de Darío nas mellores pezas de axitación; palabras que ordena en poemas que describen a existencia e revelan o que fica na sombra; palabras coas que loita e fai que cada consigna permaneza:

*Avanzarán as augas
turbas e atroadoras,
mais nós, xente do galo,
non deixaremos Antioquía*

Post scriptum:

23.08.2019

Querida Marga:

O teu exilio en Portugal empezou no 74, pero en que mes?

Cando viñeches á nosa voda, o 10-2-74, estabas xa en Portugal? Ou pensando largar?

Estamos sempre na casa. Vennos ver

Margarita Ledo Andión

Secretaria da Real Academia Galega

Referencias bibliográficas

Cabana, Darío Xohán (1987). *Amor e Tempo Liso* (1987).

Santiago de Compostela: Concello de Santiago.

Cabana, Darío Xohán (1989). *VIII Fragmentos*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Cabana, Darío Xohán (1989). *Patria do Mar*. Vigo: Ir indo.

Cabana, Darío Xohán (2006). *Cabalgada na Brétema*. Vigo: Galaxia.

Conchado, Diana (2011 [1995]). Darío Xohán Cabana.

Canta de cerca a Morte. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*. 1994, 211-214.

TEXTOS

Os textos incluídos neste volume transcríbense das seguintes edicións:

Amor e tempo liso (Cancioneiro).

Concello de Santiago de Compostela, 1986.

Vinte cadernos (Poemas 1969-2002)

Edicións Xerais de Galicia, 2003.

Cabalgada na brétema. Galaxia, 2006.

Elixín este poema porque me permite un contacto directo co meniño que é e non é Darío Xohán Cabana. É o Darío na medida na que a súa biografía é captada pola lingua e transformada en poema. Gústanme os meniños do Darío porque son intelixentes, solitarios e soñadores, e nesa soidade atópanse cun libro, con dous, sempre cunha illa, que os determinan. Eles sempre responden a esta voz que os conduce a ser poetas ou a vivir *Vidas senlleiras*. Pásalles isto aos meniños da parroquia de Roás. Ao medrar levan a vida feroz da illa que vive o naufrago logo de ser salvo. Adoro a medida e o cálculo rítmico deste poema, nel están os tres mestres milagrosos do poeta: Méndez Ferrín, Cunqueiro e, no manto purpurino do vello Aquiles, Eduardo Pondal.

Chus Pato



TERRA

Era fermosa a terra prós meus ollos,
 e eu non sabía que era tan fermosa,
 porque tanto a miraba ó meu redor
 que se vovera propio sangue e carne
 e estaba dentro miña asolagada
 no diario mirar agras abertas,
 carballeiras, pradelas, corredeiras,
 e aló no lonxe os montes que limitan
 a miña terra con azul e verde.

Era fermoso, sobre todo, o curro
 que hai na Veiga Redonda, xunta o río,
 onde eu levaba o gado algunha tarde;
 e alí sentado baixo da enramada
 vía pasar as augas pacenciosas
 acaneando as oucas e espellando
 bídalos, ameneiros e salgueiros
 debruzados no río do silencio.

E a mesma fraga de ó redor deviña
 desmesurada selva misteriosa,
 e eu andaba entre as árbores a modo
 concitando mamutes, dinosauros
 guerreiros primitivos e espeluncas,
 tal e como se lía naquel libro.

E soñaba no río unha furada
 que chegaba ás antípodas pasando
 polo reino das fadas e os ananos;
 un antigo país de pazos de ouro,
 de trabes de alcatrán sostendo o mundo,
 con soles imposibles nas abóvedas
 das lúcidas cidades soterradas
 e ríos interiores e lagoas.

Lagoas verdes tal coma esmeraldas
 onde nadaban peixes de cores
 e aletas coma mantos purpurinos
 tal aquel que levaba o vello Aquiles.

Este texto non é un poema. Tampouco é de Darío. É do seu pai, Ricardo da Inés, unha carta que envía desde Suíza en 1972 ao seu fillo. Darío inseriuna nunha pequena narración titulada “Carta do pai”, publicada no seu libro *Noticias dunha aldea*, que saíu na colección O Moucho de Castrelos en 1973. Ese mesmo ano eu lin o libro e decidín elixir dúas pezas del para ilustrar e gravar en linóleo, en formato 50 x 70 cm, texto e imaxes. “Carta do pai” foi repartida entre cinco cartaces numerados. Saíron do prelo 2 000 exemplares de cada un, a metade para Suíza, que levou Carlos Díaz, “o de Xenebra”. Imprimíronse en Pontedeume sen permiso ningún, sen nomes, anónimo. Vendeuse por toda Galiza de man en man, recadando cartos para a “fronte cultural”. Non sei que diría Darío ao velos. Catro anos despois fixémonos amigos ao cadrar traballando n’*A Nosa Terra*. Que ben o pasamos lendo, e falando de ciencia ficción.

Pepe Barro

CARTA DO PAI

Zurich, 18 de marzo do 1972

Querido Darío: sólo unhas letras pra decirche que estóu ben. Estóuche escribindo na casa do Claudio. Onte fun ó traballo e parecúeme que é moi doado. Esto non ten problemas, poila comida é boa. Eu compro todo nun comercio que ten de todas cantas crases pode haber. Durmo nunha casa que ten a empresa, que é de madeira e por dentro está forrada de chapa coma a secretaría do auntamento de Cospeito. Na miña habitación dorme un de Ourense que é da miña quinta e párceme que é bon compañeiro. O capataz, que aquí lle chaman cabo, din que é boa persoa; a min párceme que o é.

Zurich é unha ciudá moi bonita, eu craro está que hastra agora pouco a vin.

Por hoxe non che digo máis, escíbeme moito e moitas veces.

Noticias dunha aldea (1973)

Velaquí as cores do outono, as follas secas
que caen das árbores do soño e unha terra triste
que nos anega en lembranzas.

Contemplade esas cores e admirade un poeta
que aínda non cumpriu trinta anos e presente a morte
entre as pedras fitas do gozo e do pranto. Este é
un poema premonitorio: os poetas saben e entenden
a verdade da palabra revelada. O Darío soubo,
dende neno, que a morte cantaba de cerca e quixo
afastarse da súa gadaña, agochada na brétema,
gorecéndose nun ceo louro e outonal.

Velaí que a morte petou na porta do Darío
corenta anos despois, tal como el a presentira:
as carballeiras de Roás e as de Romeán tiñan as pólas
pintadas de ouro con lenes veladuras vermellas,
como nunha paisaxe impresionista. Ao redor
do poeta, as palabras e as mans da amiga, a presenza
do amoroso froito dos fillos, o sorriso abatido
pero sereno dos amigos. Creo saber que o loito
e a tristura non lle invadiron as meniñas dos ollos
nese transe. E sei de certo, porque nolo deixou
escrito, que:

Detrás fican os mortos e ó seu lado
tamén o noso acougo máis seguro...

Xoán Ramiro Cuba

HORA DA MORTE

Gustarame morrer
 baixo follas de outono,
 dourada folla seca
 das árbores do soño.

Ouh miña terra triste
 mais chea de recordos,
 gustarame morrer
 baixo dun ceo louro
 coa agonía da tarde
 e as pedras do meu gozo.

Loito frío non me encha
 as meniñas dos ollos,
 senón azul alegre
 e cálida cor de ouro,
 sombras de cousas limpas,
 remol de acceso fogo,
 e dos días da vida
 o relembro sonoro.

O sorrir na memoria
 dos meus amigos todos,
 e as palabras da amiga
 que me dera o seu corpo
 coñecido e amado,
 cada vez máis fermoso,
 cada vez máis sabido
 e sempre misterioso.

Gustarame morrer
 cos meus fillos en torno,
 amorosa semente
 –independente froito–,
 e non estea eu triste
 porque se acabe todo.

Antioquía é un canto de resistencia. O poeta sabe que “perderemos batallas”, porén é necesario loitar polas causas perdidas, moitas veces as máis fermosas, as que merecen dedicarlles a vida. Antioquía foi dobremente asolagada, primeiro baixo as augas da lagoa de Antela, na lenda mítica, despois soterrada baixo a desmemoria ao ser Antela desecada, e Darío evoca ambas perdas. No poema resoan todas as vilas e terras asolagadas baixo os encoros, de Castrelo de Miño a Portomarín, de Aceredo a Santa Uxía. Non podemos esquecer a Darío recitándoo. E non deixaremos Antioquía.

Marilar Aleixandre

ANTIOQUÍA

Avanzarán as augas
turbas e atroadoras,
mais nós, xente do galo,
non deixaremos Antioquía.

Baixo das tebras húmidas
virá o tempo do peixe
pra asolagar o mundo,
mais nós, xente do galo,
non deixaremos Antioquía.

Nubes de espanto negro
cubrirán os carreiros
do sol, será vencido,
virá horrorosa noite,
mais nós, xente do galo,
non deixaremos Antioquía.

Os traidores da tribo
refuxiaranse lonxe,
marcharán dos poubeos
dos avós que morreron
conformando cidade,
mais nós, xente do galo,
non deixaremos Antioquía.

Perderemos batallas,
esbroaranse muros
de fraterna defensa,
non haberá esperanza
de atoar a crecente,
será certa a ruína,
mais nós, xente do galo,
non deixaremos Antioquía.

Cantarán os paxaros
da morte negra ausencia,
só quedará memoria
das orgullosas torres,
recubrirán as augas
a desfeita indicible
de todo o que estimamos,
mais nós, xente do galo,
non deixaremos Antioquía.

VIII Fragmentos (1987)



Como en tantas outras ocasións, revela neste soneto Darío Xohán Cabana o maxisterio do seu oficio expresivo e construtivo. O poema desenvolve o motivo clásico da fugacidade da vida en insistente reiteración de conxuntos semánticos semellantes que conforman unha tensa alegoría, coa auga en movemento de cadoiro e torrente ou bretemosa actividade como símbolos do tránsito vital cara á morte. Unha única unidade sintáctica, organizada en longa serie de cláusulas subordinadas de valor concesivo que van intensificando a tonalidade dramática, conduce ao núcleo significativo, o imán da oración principal, concentrada no segundo terceto. Nos tres últimos versos estoura a sorpresa: contra a sombra da morte brilla de súpeto a luz do instante feliz. Fica detida aquí a vida do poeta, Darío en sucesivos momentos de “fugaz maravilla”. Así quero lembralo.

Xosé María Álvarez Cáccamo

SE AUGA EN TRÁNSITO SON ESTES CADOIROS
de rumorosa e grave transparencia,
se no torrente aboian os agoiros
de inevitable e fosca decadencia;

se na brétema aflora virulencia
de musgo podre e cova derrubada,
se o vento en espirais trae a secuencia
do ser que se converte en lama e nada;

se inutilmente oculta a fervedeira
desgaste e perdición e morredoira
condición do pracer morte inxente,

tamén o noso tránsito se alfombra
co arco-iris tecendo contra a sombra
a fugaz maravilla do presente.

Amor e tempo liso (1987)

Este poema dialoga con outros da autora, o que equivale a dicir que se reconece nela e que recolle a súa bandeira, a súa voz, para seguir clamando polos orfos da terra. E é que Darío Xohán Cabana nunca foi un escritor ensimesmado, solipsista, senón un home con conciencia de clase, solidario, tan galego como universal, a aprender do mesmo xeito que o noso gran símbolo, Rosalía, a dor do mundo na dor de Galiza. Así o verei sempre, na denuncia, axeonllado só ante o amor.

Marica Campo

INVOCACIÓN A ROSALÍA

Invoco a luz escura do teu nome fronteirizo da noite,
compañeira trista do reiseñor nocturno,
toliña de Iria Flavia.

Invoco a forza do teu nome antigo coma a terra,
pomba ferida polo traidor inverno caroal eterno
que xea os corazóns das viúvas dos vivos e dos mortos.

Invoco o pranto do teu nome humilde coma flor dun día,
luz pequeniña, vagalume feble na alta noite dos ventos
que aterrecen o peito das mulleres do pobo
[máis vencido do mundo.

Invoco o lume do teu nome ardendo coma o sol
[queimante
nos tórridos agostos que abrasaron os cabelos dos mozos
portadores nas mans asoballadas de lostregos de aceiro.

Invoco o vento do teu nome rumoroso coma
[as carballeiras
que os verían volver derreados, vencidos polo mundo
que era deles o día que deixaron os pequenos carballos.

Invoco as fontes do teu nome, os ríos que deixaron,
camaradas sen pan, irmáns da fame e da miseria,
irmáns da noite insomne e do silencio desmedido.

Invoco a anguria do teu nome coma visgosos mundos
que nos devoran vivos, que nos asolagan
no inmenso desespero do tempo de chorar
[ríos de sangue.

Os campos da fame (1971-74)

“A sombra” é o poema que levo impreso nas entrañas
porque mo dedicou Darío. Que un altísimo poeta
se lembre de ti cando escribe é unha regalía
que só se explica por sermos amigos e camaradas.
Co poema vén tamén para min unha lección literaria
e humana, política en todo caso, sempre.
Medrará incesante con nosoutros nas airas
da lembranza o carballico que veu das Rozas Novas.
Con el medrará tamén, por todo o circundo,
a sombra protectora e benéfica que nos testou Darío.
So esa súa sombra, todo pasa, todo flúe,
nada permanece.

Anxo Angueira

A SOMBRA

O PAPÁ dixo: “Vou ás Rozas Novas.”
 Colleu na choza a pa de ferro,
 puxo as zocas de cana,
 e non quixo levarme
 porque ía moito frío e eu era moi pequeniño
 pra andar estoupando na lama
 coas miñas zoquiñas brancas.
 Cando volveu traía ó lombo
 un carballico novo,
 dereito coma un fío.
 “É do teu tempo”, dixo.
 Axudeillo a plantar entre o curral e a aira.
 Eu termáballe del, e el botáballe a terra.
 Cando xa daba un bon estrobo,
 esmoucoulle a punta e deixouno
 con cinco gallas principais en roda.
 Nunca máis lle tocou.
 O pai morreu, e nós non lle tocamos.

O carballo medraba
 que daba gusto velo.
 Un día, arrincando no esterco,
 vimos unhas raíces que entraran na corte,
 pero deixámosllas estar,
 porque as metera tan discretamente
 que ata nos fixo rir.
 Gustáballe o zurro como ó cocho a merda.
 Os cochos no outono
 cuincaban polo curral larpando nas landras,
 e o touciño sabía coma cousa ningunha.
 Á sombra do carballo
 abrigábanse os arados e a grade,
 o palleiro pequeno da herba e o da palla relada.
 Nos días máis quentes do vran
 preferían as vacas á corte máis fresca,
 e o can durmiñaba e soñaba co tempo da caza.

pra que as rodas dos coches non se enlamicen no
[inverno.

Pero ás veces nosoutros os dous,
nos días máis quentes do vran
aínda durmimos a sesta na aira
debaixo do noso carballo.

Non nun brazado de palla, eso é certo.

Xa non hai palla limpa no mundo.

Agora durmimos a sesta nunha colchoneta de espuma
cunha manta vella por riba. Durmimos,
ou miramos prás pólas. Non hai carro debaixo.

Un que quedou fixemos del leña. Xa tiña podre
[o soallo.

O chedeiro do outro aínda serviu
pra tapar unha falta no zarro da choza.

Os aveños e os xugos está arrombados no alboio.

O tractor vendeuse, xaora. Aínda valía unhes cartos.

Os que están ben son os paxaros,
que inda seguen cantando

como cantan desde o principio do mundo.

Cabalgada na brétema (2006)



ACTUACIÓN MUSICAL

Lois Pérez

Lois Pérez é mestre do ensino público, poeta e escritor.

Na poesía, publicou *LP* (Emerxentes, 2013), *Long Play* (Xerais, 2017), *Lugo Philadelphia* (Xerais, 2023) e fai parte do Colectivo Maiakovski (*Intimidación*, Xerais, 2021) e do grupo das Lupercais de Lugo (*Lupercais, Antoloxía*, Chan da Pólvora, 2023).

Gañou os premios aRi[t]mar de poesía 2018 ao mellor poema publicado en galego en 2017 por *Blues do Rei Bergman=B.B. King*, de Teatro Radiofónico da Radio Galega por *Saltimbanqui*, dirixida por Quico Cadaval (Xerais, 2008), Agustín Fernández Paz de Literatura Infantil e Xuvenil pola Igualdade 2021 por *A gruta da torre* (Xerais, 2022) e Raíña Lupa de literatura xuvenil 2022 por *A tribo do mar*.

Pertence ao comité de redacción da revista *Luzes*, e coordina a Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG, canda a Antonio Reigosa.

Como guionista e narrador, participou no documental *Acorda. Cartografía musical da represión franquista na provincia de Pontevedra*, dirixido por Uxía canda as Tanxugueiras, Ugía Pedreira e outras/os artistas do país.

Como mestre, ten dirixido e coordinado varios proxectos de innovación en normalización lingüística na escola, e como narrador oral participou nalgúns dos principais festivais de contadores de historias.

CANTIGA DE AMIGO PRA FACER O CAMIÑO

Fermoso é camiñar polos vieiros
da miña Terra Chá, de vagariño,
co corazón ó vento.
Fermoso é camiñar.

Fermoso é camiñar coa ialma chá,
falando no falar rexo e baril
que falaron os nosos devanceiros.
Fermoso é camiñar.

Fermoso é camiñar ollando á terra,
á luz e mais ó ar cos ollos puros,
encheitos de esperanzas.
Fermoso é camiñar.

Home e Terra (1969)



VOCABULARIO CHAIREGO

Lonxanza, longo, longal
bravía gándara ó vento,
toxal, carballo, queiroga,
touceira, xesta, codeso,
río, camiño, carpaza,
abedueira, salgueiro,
ameneiro, pataqueira,
milleiral, trigo, centeo,
vacas, ovellas e cabras,
perdices, lebres, coellos,
pazpallares e carrizos,
pardaus, petos carpinteiros,
xeadas e nevaradas,
morte, traballos e medo,
noite, anacos de esperanza,
soidade e cativoiro,
e aló por riba de todo,
o xigantesco labrego.

Romanceiro da Terra Chá (1970)

PEDRAS DE GOZO

Pedras de gozo son as cantigas,
harpas de vento, preñes espigas,
por meu amor.

Cervos do monte que van ó río
son as cantigas do meu desfío,
por meu amor.


No verde prado brincando ledas
son flores novas, pavizas cedas,
por meu amor.

Na escura noite rubias estrelas,
lúa que aluma vellas arelas,
por meu amor.

No mar inmenso de auga levada,
peixe de prata, nau enmeigada,
por meu amor

Na terra toda pedra de canto,
luz de alegría, lume de pranto,
por meu amor.

Pedras de gozo e pranto (1979-81)



AQUÍ VERASE A TÚA CALIDADE

Non, eu non coñecín o Darío Xohán Cabana. Non tiveron contacto con el máis que a través da súa literatura, orixinal ou traducida, e dos fondos e esclarecedores artigos, apaixonados e non exentos de humor (negro e amargo, por veces e con motivo), sobre tradución (e non só) que un bo amigo e colega me descubriu hai pouco. Nun destes, publicado en 1990 no número 1 d'*A trabe de ouro*, se cadra coas primaveras mil de Cunqueiro no pensamento solicitaba apoio institucional para a «modesta» proposta de traducir mil libros ao galego. Referíase en concreto aos clásicos do universo mundo.

Imaxino eu, desde esta insignificancia humana, que polo de agora circunscritos ao planeta Terra e, se un día non nos veñen salvar os marcianos, visto que entre nós só sabemos destruírnos, sempre se podería abrir o abano. Rescatou ese artigo para o volume *A música das palabras. De lingua e literatura*, publicado por Xerais o pasado ano, xunto con algunhas outras raras reflexións sobre o oficio, termo, se ben máis discreto que o de profesión, non menos digno, e no que coincido con el para definir o labor que ambos, tautoloxicamente, amamos tanto como respectamos.

Nesta edición, en nota ao pé, tacha o texto de panfleto e inxenuo, o que considero inxusto, dado o feito científico incontestable de que todos fomos un día máis novos do que somos e uns poucos escollidos máis ilusos. Malia o silencio administrativo con que o obsequiaron, consólame saber que a lingua, se ben doente e ameazada pola eutanasia activa e persistente a que a quere someter canto desgobierno nos sae das urnas, segue alentando e sen gana ningunha de morrer, e canto máis nela

me trepan máis espernixa. Retomando o fío, na tal nota, Cabana sinalaba que, de pórse en marcha daquela o proxecto, custaría unha pequena parte do que nos custou (e custa) a Cidade da Cultura. De paso, engado, contribuiría a encher tamén algúns baleiros intelectuais dos que alí non andan escasos.

Falando de encher andeis (ou non falaba de andeis?), un editor, tamén iluso, confiaba en que algún día nas librarías de noso, a prol da visibilidade, as obras traducidas ao galego estivesen a son das súas compañeiras ao castelán e non nese *totum revolutum* ou zaragallada, dito en romance, que se acantoa nun recuncho recóndito nas máis delas baixo o rótulo de «GALEGO» xunto a outro que reza, coma quen di: «autoaxuda». O que non se ve ou se apalpa nin vén demostrado pola física cuántica non existe. Así, se un cliente fose á procura de, poñamos por caso, a *Divina Comedia* (e tivese a fortuna de toparse cun dos cobizados exemplares da mesquiña tiraxe), descubriría que, á parte da ampla oferta en castelán, hai unha excelsa versión nesta pobre lingua que só serve para parolar coas galiñas e, comparando, comparando, como na tenda ante a sección de deterxentes, que están todos xuntos e non clasificados por cores ou polo lugar de procedencia coas conservas, os froitos secos e as nabizas, se o cliente, digo, pon as lentes do cerca e le a etiqueta, descobre que ao final nin as galiñas son parvas como as queren facer nin todos os deterxentes tan biodegradables. Servidora non tería dúbidas. Fixo que, se non anda abstraído en aprender a fala dos anxos e me escoita, o Darío concordaría nisto.

A articulación do pensamento de quen le en galego (ou ve audiovisuais en galego), vertido ben por vía oral, escrita ou intravenosa, sería máis rica e crítica de ter ao alcance traducións de calidade, cun vocabulario amplo e escollido con precisión, cunha sintaxe nosa e non deturpada polas dúas linguas que máis nos asoballan hoxe. Puntualizo: un texto non é máis galego por ser un cúmulo de vocábulos enxebres senón polo esmero con que acolle a esencia da súa sintaxe senlleira, sen deixar por iso, se é traducido, de imitar o estilo que o autor do orixinal quixo imporlle e non lle impondo o autor da tradución o propio, se algún ten. Logo, se quen le traducións de calidade na nosa lingua amais escribe literatura (ou debera dicir se quen escribe na nosa lingua le amais traducións de calidade?), gloria bendita!, pois ha nutrir o espírito propio e o alleo. O Darío, de certo, concordaría tamén nisto. Porque cando leo estes seus artigos sinto o fluír do pensamento como un eco do seu.

No mesmo volume inclúe «Digresións sobre tradución literaria e literatura nacional», de 2002. Nel afirma que «as traducións feitas por escritores de creación son, en principio, as máis desexables». Ese «en principio» non está aí nin por acaso nin para sumar caracteres nin para me fender a min a testa, e máis adiante explicao. Sirva agora, rodeada como estou de poetas, para que se me perdoe a ousadía e a afouteza de traducir literatura (ou audiovisuais, que requiren máis arte da que tantos cren) sen ter eu de poeta nin cinza nin sombra. O que si cómpre, á parte de escoitar a quen falou e conservou a lingua antes ca nós, é ler literatura anosada ou orixinal de calidade e impregnarse dela

para que o resultado sexa de idéntica beleza. Iso é ben ben o que máis adiante concreta: «hai que mallar o ferro; hai que ser escritor, de creación ou non, hai que dominar a prosa e o verso [...] hai que dominar a lingua, os recursos da lingua de destino».

O Darío debulla en *A música das palabras* moitos outros aspectos sobre tradución que non teñen desperdicio: non atoparedes aí nécoras foles. Recéitolle a súa lectura en doses que convén remoer con vagar a calquera tradutor, aspirante ou consagrado, a calquera lector que teña interese por enxergar o que é ou debera ser este oficio. Todo canto di subscríboo. Non é cousa de que siga aquí día enteiro, adormentando ata as ovellas. Só máis un apuntamento e déixovos ir en paz.

*Xa remataba o día, e xa quitaba
a escuridade os animais da terra
dos seus afáns; e eu só me aparellaba
senlleiro e un, para soportar a guerra
tanto da vía como da piedade
que ha de contar a mente que non erra.
Ouh alto enxeño, ou musas, axudade;
ouh mente que escribiches o que vías,
aquí verase a túa calidade.*

«Inferno», Canto segundo, vs. 1-9,
Divina comedia, Dante Alighieri.

Nestes anos de dedicación en exclusiva á tradución de literatura foron incontables as ocasións en que tomei e tomarei –espero, sanidade pública gratuíta e universal mediante– empréstados fragmentos da *Divina Comedia* do Darío Xohán Cabana, sendo como é un dos textos máis citados nas palabras dadas

que as editoriais me confían. Canto máis a consulto, máis aumenta a miña admiración polo dominio e a arte coa que desempeñou o oficio que compartimos. «Só os ignorantes poden pensar aínda que traducir é doado, que abonda con entender o idioma do que se traduce», di o mestre no artigo que citei ao inicio, e penso eu se, cando mergullou nestes versos do señor don Dante, non se lle figuraría como a min que quen está aí é o tradutor que arrostra os empezos divinamente infernais que se lle presentan nos camiños inescrutables de cada libro. Ende ben, é esa a congostra esgrevia que conduce ao Paraíso.

María Alonso Seisdedos

UNHA FONTE INESGOTABLE
DE PALABRAS

Meu pai era unha fonte inesgotable de palabras, e nosoutras eramos lavadeiras que beben dela botando pingas fóra, derramando coma quen non coñece o deserto, nin o imaxina, nin o prevé. Pero chega.

E agora as palabras por veces agroman da memoria do corazón, dos oídos, das mans, e non sempre lles achamos o significado. E por veces fas o xesto, estás na situación, e non chega nin á punta da lingua esa palabra que a el lle afloraba viva e lixeira. Por veces. Mais tamén por veces vén a palabra e sabes que cha aprendeu el, e aparece un viorto que non ata beizos como me dicía o papá cando me enfadaba, senón que tece unha rede mesta e segura mentres nosoutras sermos.

Digo cabrinfollo, carpenteiro e touciñado. Digo esterpe, moular e barolo. Digo pichoco, valtrón e soer. Digo palitroque, alimacha e mencer. E apareces tu por tras das palabras. O Darío.

Quédannos as lembranzas e quédanos lelo. Hai literatura que se le coma quen bebe un vaso de auga, e outra prá que cómpre ter dentes afiados e moas resistentes, e remoer cada palabra, cada frase. Literatura á que lle tiramos zume e alimento. O Darío era iso. Auga e viño, pan e queixo. Alimento da alma e do corpo pra nosoutros.

Aboiadas. Quedamos aboiadas e inda perdura a vertixe da ausencia definitiva pra quen foi amor definitivo á lingua, á tribo, á nación, ó proletariado da cidade, do mar e do campo, a seus amigos e ós seus, a nosoutros e nosoutras.

Escollemos este poema porque é un canto de amor e de resistencia diante do abismo, pró proletariado, prós vellos, prá lingua, prós nenos e nenas como a nosa Leonor, que son futuro de habermos futuro. Resistencia que é pra nós o Darío. Sempre.

Alexandra Cabana Outeiro

A filla do Darío e da Amelia

YOU SHALL OVERCOME

Venceredes vós.
Pero nosoutros
temos da nosa parte
os carballos de abril,
as espadanas, a ouricela,
o pan de sapo, as beloritas,
a ra de San Antón, o vagalume,
a troita, a vacaloura,
o xabaryl e o corzo,
o mascato e a rula.

Venceredes vós,
pero nosoutros
temos da nosa parte
o Cadramón, o Piapáxaro,
o Cabo de Home, a illa
de San Simón, o lusco, o fusco,
o Castromao, o Xallas, as lagoas
innumerables de Valverde,
ou de Antioquía, o labirinto
de Mogor, as encuastras
de Novelúa, o edículo
de San Miguel de Celanova,
o dolmen de Dombate.

Venceredes vós,
romperedes a infinda
cadea que nos une
coas trabes do mundo,
pero nosoutros
mergullamos a boca
nos mil ríos de sangue
que estercharon a patria,
e no noso partido
militan todos os defuntos
que nos poñen aínda
a bosta nas zocas,
o cheiro a argazo nos fuciños,
o trono da forxa nas orellas,
a terra que xa son nas unllas.
E as feridas de ferro
ou negro chumbo e pólvora
nos corazóns atribulados.

Cabalgada na brétema (2006)



ÍNDICE

- 8 Víctor F. Freixanes **Esa voz que nace da terra**
- 10 Margarita Ledo **Sempre na casa**
- 16 **TEXTOS**
- 18 Chus Pato **Terra**
- 20 Pepe Barro **Carta do pai**
- 22 Xoán Ramiro Cuba **Hora da morte**
- 24 Marilar Aleixandre **Antioquía**
- 28 Xosé María Álvarez Cáccamo
Se auga en tránsito son estes cadoiros
- 30 Marica Campo
Invocación a Rosalía
- 32 Anxo Angueira **A sombra**
- 36 Lois Pérez **Actuación musical**
Cantiga de amigo pra facer o camiño
Vocabulario chairego
Pedras de gozo
- 42 María Alonso Seisdedos
Aquí verase a túa calidade
- 48 Alexandra Cabana Outeiro
Unha fonte inesgotable de palabras
You shall overcome

Este libro acabouse
de imprimir
no mes de marzo de 2023
para celebrar a escrita
de
Darío Xohán Cabana



Palabras rudes e claras de Darío
nas mellores pezas de axitación;
palabras que ordena en poemas
que describen a existencia e revelan
o que fica na sombra; palabras coas que loita
e fai que cada consigna permaneza...

C